

Festas e romerías

Non podemos rematar o recorrido pola nosa historia, sen facer referencia a un dos factores máis vertebradores da unión parroquial, como son as festas. Tén Cela o privilexio de ser un dos lugares onde se celebran máis de sete festexos ó longo do ano: Festa do Torrón, festa de corpus, a romería de San Lourenzo, festa de Santa María, festa de San Roque, festa do Carmen, a festa dos Mozos, A festa do Churrasco en Resille, e a máis nova , a Festa do Tinta Femia. Aparecen as primeiras constancias documentais aló polo 1600, coa celebración dunha misa na honra da nosa patrona Santa María e a posterior procesión, acompañada duns gaiteiros. Posiblemente a celebración desta festa se remonte a épocas anteriores ó século XVII, quizais dende a aparición da ferigresía parroquial. A medida que imos escalando nos séculos, a aparición de novas festas é continua: San Roque, Virxe do Carme, a festa dos mozos (aparece no século pasado) adicada a virxe dos Dolores, a festa de Corpus Christi coas súas alfombras florais, ou as recentes festas de orixe pagana que apareceron na parroquia como A festa do Churrasco en Resille e a festa do Tinta Femia que cunha curta vida, outro ano máis abre as portas ós milleiros de persoas que ata Cela se achegen a degustar un bo grolo de viño acompañado dunha tapa de pulpo da illa de Ons.

Quenes teñan a posibilidade de acercarse ata Cela, coñecerán as súas xentes, o seu traballo, e poderán disfrutar tanto das nosas praias como do noso monte, emprender un recorrido pola nosa historia, seguindo o curso dos nosos ríos e visitar os antigos muíños (o Tombo, hoxe en día restaurado), mentres saciamos a sede nunha das numerosas fontes espardidas por toda a parroquia, podremos coñecer as casas que durante algúns séculos marcaron e tiveron sometidos os destinos desta parroquia, ou visitar a Igrexa románica do s.XII, co seu labrado pórtico, escultante da nosa ría. Ós amantes do deporte en estado natural poderán facer a rotas sendeirística dos "abades" dende Chans ata Hermelo, pasando por Paralaya, lugares idóneos ,calquera deles, para contemplar ó inmenso que no rodea, as súas entradas terra adentro nas Rías Baixas e se tal, fitar , como o fixo o bispo Xelmírez no lugar de Hermelo fai máis de dez séculos, vixiante dunhas terras que co traballo de anónimas xentes, sitúannos na dereita liña do futuro.

Alejandro Cobas Piñeiro